EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

1.- Contesta o máis brevemente as seguintes cuestións

1. Que se entende por globalización?
2. Cales son as características básicas do capitalismo? Por que se di que globalización é a implantación xeneralizada do sistema capitalista a escala planetaria?
3. Sinala en que consiste a globalización política, social, cultural e ambiental.
4. Que significan os termos subdesenvolvemento, Terceiro Mundo, Sur e Periferia utilizados ao referirse aos países máis pobres do mundo?
5. Que é o Índice de Desenvolvemento Humano? Cales son os seus indicadores?
6. Que é o FMI, o Banco Mundial e a OMC? Que funcións ten?
7. A que organizacións internacionais pertence España ademais da Unión Europea?
8. Que se entende por Axuda Oficial ao Desenvolvemento? Que é unha ONG?
9. A que organizacións corresponden as siglas: UNESCO, OTAN, OMS, FAO, OIT, OCDE, ONU, UEO?
10. Que é a CECA?
11. Que países foron os fundadores da Comunidade Europea?
12. Por que foi importante o Tratado de Maastricht?
13. Que repercusións ten o Tratado de Lisboa no futuro da Unión Europea?
14. Cal é a diferencia máis importantes entre os parlamentos dos Estados democráticos e o Parlamento europeo?
15. Que son os fondos estruturais e de cohesión?
16. Que institucións forman o triángulo institucional da UE? Por que se consideran as máis importantes?

2..-Despois de ler as definicións propostas tenta buscar o termo definido

Axencia das Nacións Unidas, fundada en 1944 nunha conferencia en Bretton Woods (EEUU) e que tiña como misión inicial financiar a reconstrución dos países devastados durante a Segunda Guerra Mundial. Actualmente, a súa misión principal é a loita contra a pobreza a través do financiamento e préstamos aos países en desenvolvemento_____

Tratado de Roma ou da _____. Foi asinado polos seis Estados que xa dende 1951 formaban parte da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA). Posteriormente adheríronse os estados que se foron integrando nesta Comunidade. Este tratado prevé o principio das catro liberdades (circulación de mercadorías, servizos, persoas e capitais), inicia unha política agraria común e tenta coordinar a política comercial co exterior e os transportes.

O procedemento polo cal o Consello de Ministros da UE e o Parlamento Europeo deciden conxuntamente sobre os textos legais propostos pola Comisión denomínase _____

A suma das obrigas que ten un país con respecto doutros denomínase _____.En moitos países subdesenvolvidos, ésta creceu de tal modo que só o pagamento anual dos xuros da débeda xa absorbe a maior parte dos seus recursos.

Comunidade Europea de Enerxía Atómica denomínase _____. Nace co obxectivo de desenvolver pacificamente a enerxía nuclear. É xunto co tratado da CEE e da CECA un dos tratados constitutivos da actual Unión Europea.

O fondo estrutural para financiar a Política Agraria Común europea e o desenvolvemento das áreas rurais denomínase _____.

Institución da ONU que ten como obxectivo manter a estabilidade monetaria internacional e conceder fondos aos países subdesenvolvidos sempre que estes se sometan a duras políticas de axuste económico denomíanse _____.

Fondo creado en 1993, que ten como finalidade financiar proxectos en materia de medio ambiente e de redes de transporte transeuropeas nos países menos desenvolvidos da Comunidades (aqueles cun PIB inferior ao 90% da media comunitaria) denomínase _____.

Control por unha empresa de toda a oferta ou toda a demanda dun ben ou servicio, que lle permite fixar os prezos independentemente do mercado é _____.

Nova forma de colonialismo nacida do proceso de descolonización trala Segunda Guerra Mundial. Os países convértense en estados independentes pero manteñen a dependencia económica das antigas metrópoles ou doutros países ricos denomínase _____.

Estrutura de mercado caracterizado por un alto grao de concentración na oferta, onde un reducido número de vendedores compiten entre si e controlan practicamente o mercado. Estes poden chegar a acordos tácitos (repartirse os clientes ou as áreas de mercado) coa finalidade de eliminar a competencia entre eles denomínase _____.

3.- Completa a seguinte táboa coas características máis importantes de cada unha das áreas xeográficas.

MUNDO DESENVOLVIDO	MUNDO SUBDESENVOLVIDO
Situación: Principalmente na zona temperá do hemisferio norte (EE_UU, Europa, Xapón, Rusia) e Australia, Sudáfrica e Nova Zelandia.	**Situación:**
Trazos:	**Trazos:**
Economía:	**Economía:**
Poboación:	**Poboación:**
Urbanización:	**Urbanización:**
Sociedade:	**Sociedade:**
Desenvolvemento territorial:	**Desenvolvemento territorial:**
Situación política:	**Situación política:**

4. Comenta os datos da seguinte táboa.

A UNIÓN EUROPEA NO CONTEXTO INTERNACIONAL					
2007	**UE**	**EE_UU**	**XAPÓN**	**CHINA**	**RUSIA**
Superficie (miles de Km^2)	4.234	9.629	365	9.596	17.075
Poboación (millóns de hab.)	497	301	128	1.322	142
Densidade (h/km^2)	117	31	351	138	8
PIB (miles de millóns de euros)	10.793	10.035	3.676	1.376	468
PIB por habitante ($) (en estándar de poder adquisitivo)	24.700	37.300	27.800	6.400	10.000
Taxa de paro (%) (1º tri. 2009)	8,9%	9,5%	5,4%	4,2%	10%

5. Comenta os datos da seguinte táboa

PRODUCIÓN DE CALZADO DE PEL						
ESPAÑA	**2004**	**2005**	**2006**	**2007**	**2008**	**04/08%**
Empresas	2.584	2.341	2.283	2.073	1.832	-29,1%
Emprego	40.771	35.935	33.521	30.715	29.056	-28,7%
Produción pares de millóns	147,4	126,3	118,3	108,4	105,9	-27,2%
Valor (millóns de euros)	2.435,4	2.151,4	2.059,0	1.905,5	1.765,6	-27,5%
IMPORTACIÓNS	(millóns de euros)	2005	2006	2007	2008	05/08%
UE-27		5.770	6169	6.106	6.242	8,2%
VIETNAM		2.085	2.067	1.798	1.766	-15,3%
CHINA		1.253	1.119	968	1.085	-13,3%

Fte: Eurostat e federación de industrias do calzado español.

RESPOSTAS

Exercicio 1

1. Denomínase globalización a progresiva evolución cara un mundo sen fronteiras e interdependente. Sobre o modelo xeneralizado do **sistema económico capitalista** a escala planetaria. A globalización non só afecta á economía, senón ás relacións políticas, sociais, culturais e de cuestións ambientais.

2. Sistema económico baseado no predominio da propiedade privada dos medios de produción, liberdade de empresa e libre competencia, aplicación da lei de oferta e demanda, obtención do máximo beneficio e crecente división do traballo, o papel do Estado queda reducido a mero árbitro no control das relacións económicas.
   Co fracaso do sistema económico socialista (planificación económica por parte do estado), este sistema xeneralizouse a escala planetaria. Aínda así o modelo está xerando grandes desigualdades e contrastes no mundo.

3. No político predomina o papel de control do mundo polas grandes superpotencias (EE_UU fundamentalmente) e Institucións Supranacionais fronte a soberanía dos Estados. No social é responsable sobre todo dos grandes movementos migratorios xerados no mundo actualmente, no cultural fai que prevalezan os valores occidentais na moda, no cine na música... e dende o punto de vista ambiental os problemas medio ambientais teñen consecuencias en todo o planeta.

4. Os catro termos son utilizados como sinónimos. Aínda así teñen certos matices. Por subdesenvovemento entendemos pobreza básica nos recursos de primeira necesidade (alimentación, vestido...) e falta de capacidade para poder transformar esta realidade. O Terceiro Mundo é un termo xeopolítico que xurdiu a mediados da década do século XX para identificar aqueles países que non pertencían nin a economía capitalista occidental (primeiro mundo), nin a economía socialista (segundo mundo). A periferia fai referencia a dispersión con respecto ao centro da toma de decisións (económicas, politicas e sociais...). O sur fai referencia a un ámbito xeográfico: o hemisferio sur (é aquí onde se concentran a maioría dos países pobres).

5. É unha medición elaborada para cada país por parte do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). Trátase dun indicador estatístico (con valores de 0 a 1) composto por tres parámetros: vida longa e saludable, educación (taxa de alfabetización de adultos e taxa bruta de matriculación nos distintos niveis de ensino) e situación económica (PIB per

cápita). Os valores cercanos ao un identíifícanse como un nivel de desenvolvemento moi alto. Os valores por debaixo de 0,5 considéranse moi baixos.

6. Son tres órganos de Nacións Unidas relacionados co control monetario, a actividade comercial e o financiamento a escala planetaria. O FMI (Fondo Monetario Internacional) ten como finalidade manter a estabilidade monetaria internacional e conceder fondos aos países subdesenvolvidos sempre estes se sometan a duras políticas de axuste económico. O Banco Mundial presta asistencia técnica e financeira aos países en vías de desenvolvemento. E a

   OMC (Organización Mundial de Comercio) busca liberalizar o mercado internacional.

7. España, ademais da UE, pertence a organismos supranacionais como a ONU e a os seus órganos auxiliares (Unesco, FAO, OMS, OIT...), a OCDE (Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico) e as organizacións militares como a OTAN, UEO e OSCE. Tamén participa, de cando en vez, no cumio dos países que forman parte do G-20 (formado polos países máis desenvoltos e os países cunha economía emerxente).

8. As Axudas Oficiais ao Desenvolvemento son achegas económicas que se canalizan a través da ONU, dos países cunha economía máis desenvolta cara aos países máis pobres. Esta axuda fixouse no 0,7% do PIB pero tan só cinco países na actualidade chegan a esta porcentaxe. As Organizacións Non Gobernamentais (ONG) aparecen na segunda metade do século XX, non dependentes de ningún organismo estatal oficial e con carácter voluntario, para ofrecer axudas ao desenvolvemento (erradicar a fame no mundo, a enfermidade, o analfabetismo, a promoción de actividades económicas...).

9. A UNESCO son as siglas de Organización de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura. A OTAN (NATO en inglés) significa Organización do Tratado do Atlántico Norte (organización de carácter militar defensivo creada en 1949. A OMS é Organización Mundial da Saúde (dependente da ONU). A FAO significa Organización para a Alimentación e a Agricultura (siglas en inglés, depende da ONU). OIT: Organización Internacional do Traballo (órgano da ONU). OCDE: Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico pertencen as 30 economías máis avanzadas e emerxentes do mundo. ONU: Organización de Nacións Unidas, ten como obxectivos manter a paz no mundo, defender os dereitos humanos. A UEO significa Unión Europea Occidental, organización defensiva de seguridade militar creada en Europa.

10. A CECA significa Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro. É un dos tratados constitutivos ou fundacionais da Comunidade Europea asignado en 1951 por seis países europeos.

11. Alemaña, Francia, Italia, Bélxica e Luxemburgo.

12. Por varias razóns pero principalmente porque profundou máis na unión política da UE, deseñou a Unión Económica e Monetaria que foi a responsable da aparición do euro e estableceu as bases da Política Europea de Seguridade Común.

13. O tratado de Lisboa (2007) trata de refundir nun só documento (miniconstitución) tódolos tratados que foron aparecendo na UE dende a súa fundación ata a actualidade. Por outro lado, trata de reforzar as institucións comunitarias na súa capacidade de toma de decisións (a maioría das decisións do Consello da UE daranse por maioría cualificada e non por unanimidade (só 40 asuntos relativos ás relacións exteriores, política de defensa, inmigración e fiscalidade).

14. O parlamentos dos países democráticos teñen a potestade lexislativa, é dicir, son eles os que aproban as leis. Tamén teñen a capacidade de aprobar o orzamento xeral do Estado e controlan a acción do executivo. O parlamento europeo tamén, pero esta atribución a teñen compartida co Consello da UE, órgano executivo e lexislativo que representa os intereses de cada estado membro.

15. Os fondos estruturais son axudas que reciben as rexións e os sectores máis desfavorecidos economicamente para de paliar os desequilibrios e fomentar o desenvolvemento. Estes fondos son: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE) que pretende mellorar a formación dos traballadores da UE, o Fondo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo de Pesca (FEP). Os fondos de cohesión (que apareceron por primeira vez tralo tratado de Maastricht) recíbenos aqueles estados que teñan un PIB inferior ao 90% da media comunitaria.

16. O triángulo institucional está formado polo Parlamento Europeo, a Comisión Europea e o Consello da Unión Europea, dado que son eles os que toman as decisión máis importantes en materias executivas e lexislativas.

Exercicio 2

Axencia das Nacións Unidas, fundada en 1944 nunha conferencia en Bretton Woods (EEUU) e que tiña como misión inicial financiar a reconstrución dos países devastados durante a Segunda Guerra Mundial. Actualmente, a súa misión principal é a loita contra a pobreza a través do financiamento e préstamos aos países en desenvolvemento_____**BANCO MUNDIAL**_____

Tratado de Roma ou da ___**CEE**_____. Foi asinado polos seis Estados que xa dende 1951 formaban parte da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA). Posteriormente adheríronse os estados que se foron integrando nesta Comunidade. Este tratado prevé o principio das catro liberdades (circulación de mercadorías, servizos, persoas e capitais), inicia unha política agraria común e tenta coordinar a política comercial co exterior e os transportes.

O procedemento polo cal o Consello de Ministros da UE e o Parlamento Europeo deciden conxuntamente sobre os textos legais propostos pola Comisión denomínase _____**CODECISIÓN**_____

A suma das obrigas que ten un país con respecto doutros denomínase _____**DÉBEDA EXTERNA**_____.En moitos países subdesenvolvidos, ésta creceu de tal modo que só o pagamento anual dos xuros da débeda xa absorbe a maior parte dos seus recursos.

Comunidade Europea de Enerxía Atómica denomínase _____**EUROATOM**_____. Nace co obxectivo de desenvolver pacificamente a enerxía nuclear. É xunto co tratado da CEE e da CECA un dos tratados constitutivos da actual Unión Europea.

O fondo estrutural para financiar a Política Agraria Común europea e o desenvolvemento das áreas rurais denomínase _____**FEAGA**_____.

Institución da ONU que ten como obxectivo manter a estabilidade monetaria internacional e conceder fondos aos países subdesenvolvidos sempre que estes se sometan a duras políticas de axuste económico denomíanse _____**FMI**_____.

Fondo creado en 1993, que ten como finalidade financiar proxectos en materia de medio ambiente e de redes de transporte transeuropeas nos países menos desenvolvidos da Comunidades (aqueles cun PIB inferior ao 90% da media comunitaria) denomínase _____**FONDO DE COHESIÓN**_____.

Control por unha empresa de toda a oferta ou toda a demanda dun ben ou servicio, que lle permite fixar os prezos independentemente do mercado é _____**MONOPOLIO**_____.

Nova forma de colonialismo nacida do proceso de descolonización trala Segunda Guerra Mundial. Os países convértense en estados independentes pero manteñen a dependencia económica das antigas metrópoles ou doutros países ricos denomínase _____**NEOCOLONIALISMO**_____.

Estrutura de mercado caracterizado por un alto grao de concentración na oferta, onde un reducido número de vendedores compiten entre si e controlan practicamente o mercado. Estes poden chegar a acordos tácitos (repartirse os clientes ou as áreas de mercado) coa finalidade de eliminar a competencia entre eles denomínase _____**OLIGOPOLIO**_____.

Exercicio 3

MUNDO DESENVOLVIDO	MUNDO SUBDESENVOLVIDO
Situación: Principalmente na zona temperá do hemisferio norte (EE_UU, Europa, Xapón, Rusia) e Australia, Sudáfrica e Nova Zelandia.	**Situación:** localízanse maioritariamente no sur. África, Asia e América Latina.
Trazos: riqueza económica, baixo crecemento demográfico (20%), intensa urbanización, boas condicións de vida (con contrastes) e estabilidade política.	**Trazos:** Desequilibrio económico, demográfico, urbano, social e territorial e pola inestabilidade política.
Economía: Industria e servizos, Innovación e tecnoloxía. Gran difusión informativa. Escaso peso do sector primario e elevada renda por habitante.	**Economía:** predominio do sector primario e extractivo. Pouca presenza de actividade industrial e servizos. Forte dualismo económica moi acentuada: tradicional e moderno.(minoría moi rica) (inmensa maioría pobre).
Poboación: 20% da poboación mundial, crecemento natural reducido, alto envellecemento, movementos pendulares nas áreas metropolitanas, elevada inmigración procedente das áreas pobres do planeta.	**Poboación:** 80%, crecemento natural moi alto, poboación xove, descenso da mortalidade na 2ª m. do s. XX. Forte emigración cara as áreas máis desenvolvidas do planeta.

Urbanización: taxa moi elevada, crecemento da cidade difusa cara a periferia dos CBD.	**Urbanización:** incremento acelerado. Éxodo rural, Urbanización. Barrios de choupanas.
Sociedade: ampla clase media, alto nivel de vida, capacidade de consumo, "estado do benestar" con diferenzas entre países e rexións.	**Sociedade:** Dualidade social .(minoría moi rica) (inmensa maioría pobre).
Desenvolvemento territorial: desequilibrios territoriais: desigualdade no crecemento. A intervención do estado e os axentes económicos tende a paliar este desfase.	**Desenvolvemento territorial:** profundos desequilibrios territoriais.
Situación política: democracia consolidada. Existen diferencias entre Norteamérica, Europa Occidental e Xapón fronte a Rusia e Europa Oriental.	**Situación política:** inestabilidade. Pouca tradición democrática, réximes auto0ritarios, corrupción, guerras por cuestións fronteirizas, étnicas, relixiosas e tribais.

Exercicio 4.

Na táboa aparecen datos comparativos de tres áreas xeopolíticas e económicas máis importantes a escala mundial: os EE_UU, Xapón, China, Rusia e a Unión Europea. Os datos a comparar son a superficie, o número de habitantes, a densidade de poboación, o produto interior bruto, o PIB per cápita e a taxa de paro.
En relación coa superficie observamos que as dimensións da UE son intermedias con respecto aos grandes países (Rusia que é con diferencia o que maior superficie ten de tódolos estados do planeta) e de Xapón (cunha superficie similar a Alemaña).
A UE é a terceira potencia demográfica do mundo despois de China e a India. Ten maior poboación que EE_UU e sobre todo de Xapón. Se analizamos a densidade, este é bastante alta 117 h/km^2 pero no tanta como Xapón e algo menor que China. Sen embargo a diferencia é considerable con respecto aos EE_UU e sobre todo Rusia (moitas das áreas sobre todo na parte nororiental están practicamente despoboadas).
O PIB da UE é o máis alto do mundo e similar ao dos EE_UU aínda así se establecemos a súa distribución por habitante, observamos que hai unha diferencia moi importante favorable nos EE_UU con respecto a UE. Neste apartado do PIB per cápita estamos por debaixo de Xapón aínda que se comparamos o PIB per cápita das tres áreas, é moi alto con respecto a Rusia e China (as tres áreas máis desenvolvidas do planeta en comparación coas outras dúas potencias emerxentes).
A taxa de paro actual en Europa e alta (a situación é similar nos EE_UU) o fenómeno da recesión económica afectou de xeito considerable ás economías máis desenvoltas do planeta. Aínda así, Xapón ten case a metade da taxa de paro (o desenvolvemento tecnolóxico da súa economía é clave). China ten a menor taxa de paro das cinco áreas (trátase dunha economía emerxente) e observamos que Rusia ten unha situación de estancamento (ten a taxa de paro máis alta das cinco áreas xeoeconómicas).

Exercicio 5.

Nesta táboa podemos observar a evolución da produción do calzado en España e o valor das importacións deste produto entre o ano 2004 e 2008. Os datos proveñen da oficina estatística da UE e da federación de empresarios españois da industria do calzado. A análise é a seguinte:
Nestes últimos anos o sector do calzado diminuíu case un 30% (pecharon empresas, perdéronse postos de traballo e diminuíu a produción e ingresos nesta porcentaxe). España que ten unha enorme tradición produtora neste tipo de ben; sobre todo na área de Levante, Baleares, Catalunya e en menor medida La Rioja e Andalucía, observa como unha porcentaxe moi importante da súa produción deslocalízase fundamentalmente cara o Extremo Oriente Asiático pero tamén cara os países da UE, como Italia (calzado de maior calidade e máis caro) e outros da Europa Oriental que recentemente entraron dentro na comunidade. É curioso observar que a maioría das importacións (o 66% aproximadamente) proceden do mercado comunitario e este tivo

un importante crecemento no cuadrienio comprendido entre o 2005 e 2008 (8,2%). Sen embargo chama atención que a importación de calzado de pel que medraba ata o ano 2006 procedente do Vietnam (moitas empresas españolas situáronse aquí dado que a man de obra é máis barata e tecnoloxía non é moi complexa), pero a partir desta da as importacións diminúen dado que a UE establece un arancel a este tipo de produto acusando aos países asiáticos de *dumping* económico (vender por encima do custo de produción).

Como conclusión podemos observar nesta táboa as consecuencias do fenómeno da globalización na economía española para un sector como é o da industria do calzado.